



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

AON
Empower Results®



2026

deportes GUITIRIZ

**I RALLYMIX CONCELLO DE GUITIRIZ
GRAN PREMIO: DEPUTACIÓN DE LUGO**



**FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO**


ARTIGO 1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
Luns 11/5/26	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	Plataforma PODIUM
Luns 18/5/26	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	Plataforma PODIUM
Luns 15/6/26	20:00	Peche de inscricións	Plataforma PODIUM
Mércores 17/6/26	18:00	Publicación lista de inscritos	SPORTITY
Venres 19/6/26	De 18:15 a 21:00	Verificacións administrativas e entrega de documentación (Voluntarias)	Campo da Feira de Guitiriz
	De 18:30 a 21:30	Verificacións técnicas (Voluntarias): Mesa A: Carcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos	Campo da Feira de Guitiriz
Sábado 20/6/26	De 8:00 a 11:00	Verificacións administrativas e entrega de documentación: Distribución da folia para os recoñecementos libres Mesa A: Carcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos	Campo da Feira de Guitiriz
	De 8:15 a 11:15	Verificacións técnicas: Calle A: Carcross Calle B: Atmosféricos Calle C: Turbos	Campo da Feira de Guitiriz
	De 11:15 a 12:45	Recoñecementos. Regulamento Xeral de Rallymix Daráselle un máximo de tres pasadas os carrozados, SSV e catro os non carrozados, máximo 60 Qm/h *Terase que ter pasada a verificación administrativa.	Treito cronometrado
	13:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	SPORTITY
	13:15	Breafing no parque de traballo	Parque traballo
	13:57	Hora límite presentación 1º vehículo no parque de presaída, segundo lista de saída.	Treito cronometrado
	14:00	Saída 1º participante 1ª pasada	Treito cronometrado
	A continuación	Saída 1º participante 2ª pasada	Treito cronometrado
	A continuación	Saída 1º participante 3ª pasada	Treito cronometrado
	De 21:00 a 22:00	Entrega de premios Súper Sábado Panificadora La Esquina *Coa presenza dos coches dos vencedores de cada Agrupación	Campo da Feira de Guitiriz
Domingo 21/6/26	8:30	Saída 1º participante 4ª pasada	Treito cronometrado
	A continuación	Saída 1º participante 5ª pasada	Treito cronometrado
	12:30	Publicación de resultados	SPORTITY
	13:45	Entrega de premios e trofeos	Campo da Feira de Guitiriz
	14:15	Rolda de prensa dos vencedores de cada Agrupación (7)	

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende a publicación deste regulamento particular ata a finalización da proba será SPORTITY:
GUITIRIZ26



ARTIGO 2.- ORGANIZACIÓN.

O Club Escudería Scratch Fene organiza o **1º RALLYMIX CONCELLO DE GUITIRIZ Gran Premio DEPUTACIÓN DE LUGO** en colaboración coa A.C.R.D.S. Scratch Galicia que se desenrolará dende o día 19 ó día 21 de xuño do ano 2026.

Este RallyMix disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2026, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 8 de maio de 2026. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-025-RX.

Artigo 2.2.- Comité de Organización:

Presidente Club Escudería Scratch Fene:

D. Manuel Vigo López

Vocais:

D. Enrique Manuel Vigo López

D^a. María Jesús López Gómez

D. Manuel Ángel Filgueira Rey

D^a. Sonia María Vigo López

Secretario:

D. Édgar Vigo López

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Estrada da Palma nº 210

C.P. 15520 Cidade Maniños - Fene Provincia A Coruña

Teléfono: 671508162

RRSS @ScratchFene E-mail: escuderiascratchfene@gmail.com

Artigo 2.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Manuel Vigo López

CD-04537-ESP/GA.

Director da Carreira-Oficina:

D. Édgar Vigo López

DC-04524-ESP/GA.

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. Borja Goti Álvarez CT-04527-ESP/GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Borja Ardá Fachal DC-04526-ESP/GA.

COMISARIO/CONTROLADOR:

Vermello D. Manuel Vigo López CD-04537-ESP/GA.

Vehículo "0" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

Vermello D. Alberto Vázquez López DC-06261-ESP/GA.

Servizo vehículos de rescate: **OS VENADOS**

Servizo informático e publicación de tempos: **ANUBE**

Servizos médicos: **EMS Galicia**

Servizo de ambulancias: **Cruz Vermella (Vilalba)**

Centros asistenciais: Policlínico Lucense (POLUSA), Hospital Quirón Salud Lugo, Complexo Hospitalario Universitario Lucus Augusti, e os designados por concerto pola CIA aseguradora.

Servizo de grúas: **OPEL Talleres Pereira**

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, expedidas pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

ARTIGO 3.- MODALIDADES XERAIS.

O **1º RallyMix CONCELLO DE GUITIRIZ Gran Premio DEPUTACIÓN DE LUGO** é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Rallymix Clase A.
- Campionato de Galicia de Rallymix Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Copilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1A.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1B.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 6.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías

(debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).

- 12ª Copa 4x4 Rallymix Pirelli
- 3ª Copa MRF Rallymix Carcross
- 3ª Copa Rallymix Escuderías

ARTIGO 4.- Descrición.

O **1º RallyMix CONCELLO DE GUITIRIZ Gran Premio DEPUTACIÓN DE LUGO** consta dun percorrido de 9,14 quilómetros, dos cales 8,97 quilómetros corresponden a un treito cronometrado por pistas de terra/asfalto pechada ó tráfico; está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo

treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento. Na folla de ruta consta detallado o percorrido. O RallyMix terá no mesmo lugar un parque de traballo/parque pechado.

ARTIGO 5.- Vehículos admitidos. Según regulamentación publicada do Campionato de Galicia de Rallymix.

CLASE "A":

AGRUPACIÓN 1A: Vehículos Carcross da Clase III de Autocross, según regulamentación, dese Campionato.

AGRUPACIÓN 1B: Vehículos quad tipo Polaris, ATV ou SSV

Demais homologados pola F.G.A., E FIA CrossCar (De acordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI).

Estes vehículos poderán levar parabrisas de policarbonato cun mínimo de 3mm., ou cristais laminados interiormente en substitución da reixa de Autocross. O uso de gafas é obrigatorio como medida de seguridade, a excepción do uso de casco integral homologado FIA ou que incorporen dous paneis laterais de policarbonato de maneira que quede completamente pechada (frontal e laterais). Obrígase ao uso de corta cintos, no caso dos SSV deberán levar piloto e copiloto.

CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2: Vehículos con motor ata 1.600 c.c

AGRUPACIÓN 3: Vehículos con motor +1.601 ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos con motor +2.001 ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Motor de máis de 3.001 c.c. Prototipos de 1 ou 2 motores de moto e vehículos SCC.

AGRUPACIÓN 6: Vehículos propulsión traseira, respectando a fisionomía de serie sen ser chasis tubular.

Todo aquel vehículo que queira presentar un cambio de agrupación aínda cumprindo o motor con unha das agrupacións, deberá certificar o cubicaxe dende un taller externo. Con esta información a FGA poderá en caso de dúbida precintar ese vehículo e proceder ao seu cubicaxe nun taller concertado. Si se comproba unha mala praxis no equipo con información errónea este será sancionado ca retirada dos puntos acadados ata á data e apertura de expediente disciplinario.

ARTIGO 6.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I 2026 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

ARTIGO 7.- Solicitud de inscripción/s.

7.1.- Todo equipo que desexe participar no **1º RallyMix CONCELLO DE GUITIRIZ Gran Premio DEPUTACIÓN DE LUGO**, terá que cumprimentar telemáticamente na zona privada da plataforma PODIUM o formulario de inscripción. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma.

Os datos relativos ao copiloto poden ser modificados ata as 11h do día 19 de xuño de 2026.

7.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 100 vehículos.

7.3.- Os dereitos de inscripción deberán ser satisfeitos a través da plataforma PODIUM no momento da inscripción, e **NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRIPCIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS.**

7.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

7.5.- A orde de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7

ARTIGO 8.- Dereitos de inscrición-seguros.

8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

8.1.1.- **291,00€.**, aceptando a publicidade facultativa proposta polo Organizador. **200,00€** se compite por Scratch Fene.

8.1.2.- **551,00€.**, NON aceptando a publicidade facultativa proposta polo Organizador. **369,00€** si compite por Scratch Fene.

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

8.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os Dereitos de Inscrición tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

ARTIGO 9.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria: FORD AUTOMÓVILES M. LOSADA

Facultativa: CONCELLO DE GUITIRIZ e DEPUTACIÓN DE LUGO

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes (según a normativa da F.G.A.): parte baixa do número de competición.

8.1.- Todos os carcross deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para estes vehículos.

ARTIGO 10.- Hora oficial do RallyMix.

13.1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

13.2.- O Director de Carreira designará, in situ, a hora de saída de cada treito. O Xefe de parque entregará, antes do comezo da manga, o carné de ruta a cada participante no lugar designado do parque de traballo polo organizador. A aplicación faise para axilizalo RallyMix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

ARTIGO 11.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de Rallymix da Federación Galega de Automobilismo, publicado na regulamentación de Rallymix 2026.

ARTIGO 12.- Premios. Reparto de premios por proba

XERAL A	PREMIOS POR AGRUPACIÓNS	
1º 350 € e Trofeo	CLASE A	
2º 250 € e Trofeo	CARCROSS (Ag. 1)	SSV OFF ROAD
3º 150 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º Trofeo
4º 100 €	2º 200 € e Trofeo	2º Trofeo
	3º 150 € e Trofeo	3º Trofeo
TOTAL: 850 €	TOTAL: 600 €	
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO CLASE A: 1.450 EUROS.		

XERAL B	PREMIOS POR AGRUPACIÓNS		
1º 450 € e Trofeo	CLASE B		
2º 350 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)	
3º 300 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	
4º 250 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	
5º 200 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	
6º 150 €			
7º 100 €	DE 2.000 C.C. A 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)	PROPULSIÓN TRASEIRA (AG. 6)
8º 100 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
TOTAL: 1.900 €	TOTAL: 3.000 €		
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO CLASE B: 4.900€UROS.			

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, seareiros, nin mecánicos.

O comité organizador do **1º RallyMix CONCELLO DE GUITIRIZ Gran Premio DEPUTACIÓN DE LUGO**, ten o pracer de confirmar a realización de 4 trofeos especiais, adicionais ós propios premios que xa se outorgan en tódalas probas. Estes trofeos, repartirán 300€ cada un deles e o reparto será do seguinte xeito:

1ª posición nun trofeo: 150€

2ª posición nun trofeo: 100€

3ª posición nun trofeo: 50€

Todos estes premios serán acumulables aos da xeral da proba.

- **VII Trofeo Feminino Pub Zeus** para as mellores pilotas
- **I Trofeo Scratch Fene Pub Titanic** para os 3 mellores pilotos da escudería
- **II Trofeo pilotos lucenses Carnicería Vitorio** para os 3 mellores pilotos con dni con residencia en Lugo.
- **I Trofeo júnior Guitiriz Racing Detailing** para os 3 mellores pilotos con menos de 25 anos cumpridos o 19/6/26.
- **I Trofeo máster Pub SOA** para os 3 mellores pilotos con máis de 45 anos cumpridos o 19/6/26. Adicionalmente, o comité organizador tamén quere entregar un trofeo ós vencedores da clasificación xeral do sábado. Será obrigatorio que os pilotos trasladen ó Campo da Feira de Guitiriz os vehículos vencedores de cada agrupación, que serán os que reciban o premio.

- **I Trofeo Súper Sábado Panificadora La Esquina** para os vencedores das 7 agrupacións ó remate do sábado.

O comité organizador resérvase a posibilidade de incorporar novos trofeos en complemento posterior.

Artigo 13 DISPOSICIÓNS CONTRARIAS A NORMATIVA XERAL DA F.G.A.: Según artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constar no regulamento particular as excepcións aprobadas pola F.G.A.

Don Édgar Vigo López, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba
N.I.F.: 32691265P

Entidade: Club Escudería Scratch Fene
C.I.F.: G15984321

Asdo.: Presidente D. Manuel Vigo López
Asdo.: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 32700393M

Selo do Club.

OS REGULAMENTOS PARTICULARES, OBRIGATORIAMENTE VIRÁN ACOMPAÑADOS DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA.